

Lirismo e inquedaanza

Súpetos desenlaces

MONTSE PENA PRESAS

Tucho Calvo revisita a súa narrativa curta na segunda edición de *Corazón entre desertos*. Publicada primeiramente en 2002 en Ir-Indo, a obra sae do prelo agora aumentada en Biblos Clube de Lectores, xa que incorpora relatos que apareceran en *Astra o confín* (Edicións do Castro, 1983) xunta con dúas ilustracións de Miguelanxo Prado e Xaime Quesada. Isto fai que o volume desprenda un forte e peculiar alento de heteroxeneidade, de compilación dunha escrita aínda non rematada, que seguirá dando historias tan inque-dantes coma líricas. Os dous alicerces principais entre os que abanean os contos deste autor.

Non obstante, a imposibilidade de agrupar as narracións de ningunha maneira fai que o lectorado quede un chisco desconcertado e se vexa obrigado a trazar o seu propio percorrido por estas páxinas. A proposta de Calvo se-

mella partir dunha detida mirada por momentos concretos da vida de personaxes de grande forza e alento. Máis ca os seus ac-

tos, deles interésanlle os seus sentimentos cando se achán ante a incertidume, no decisivo cruce de camiños. Porén, aínda que a brevidade é adoito unha virtude na arte do relato, ás veces a prosa do escritor déixanos querendo máis, sen tempo aínda para entrar no mundo que crea para nosoutros, sen poder afondar nel. Quizais sexa que os finais tan abertos, case súpetos, desconcertan; quizais que o narrador gusta de darlle unha reviravolta nas liñas derradeiras ao acontecido ou que pretende suscitar a reflexión a partir das transicións dos protagonistas. Ás veces conségueno; outras as narracións fican sendo estáticas estampas que non é posible transcender.

Corazón entre desertos é unha mestu-

ra de sensacións e de tempos (o elemento narrativo que con máis soltura modela o creador). Nostalxia polos anos idos, polos lugares habitados, polas persoas que algunha vez foron (como nos amosan os relatos “O carrizo”, “Rebelión” ou “Gare d’Austerlitz”), Calvo consegue que miremos cara atrás nunha intermitente e lírica análepse. Pero no contrapunto están os que abren a fiestra a un futuro escuro e sinistro, nun universo destruído polas guerras e os desastres naturais, nunha distopía incómoda e dolorosa (o magnífico “Corazón” –talvez o mellor conto do volume– vai nesta dirección, como tamén os desacougantes “No confín” e “Un ser diferente”). No medio, só algunhas historias que nos falan da sociedade contraditoria e transitoria que habitamos (dende a verídica “Tabeiróns” até a esperanzadora “Corvo mariño”) e que acaban por conformar un mosaico de voces narrativas –a maioría en primeira persoa– que nos falan do que fomos, do que somos e do que quizais seremos entre o desconcerto e a esperanza.

CALVO, Tucho, *Corazón entre desertos*, Ed. Biblos, A Coruña, 2009
PVP:16,52 €

